



Os veciñ@s de Ponteceso que desexen facer na noite de San Xoán a tradicional lumeirada deberán pasar polo concello e realizar unha solicitude na que deberán constar os seguintes puntos:

- Nome e DNI da persoa responsable.
- Hora e lugar onde se vai facer.
- Medios de extinción dos que dispoñan.

#### RECOMENDACIÓNS XERAIS AMBIENTAIS E SANITARIAS:

- A realización de “sardiñadas” e lumeiradas en vías ou espazos públicos deberá ser expresamente autorizada
- As lumeiradas acenderanse, preferentemente, a partir das 23:00 h do día 23 de xuño e deberán quedar perfectamente apagadas antes das 6:00 horas do día seguinte.
- Está prohibido queimar plásticos, gomaespumas, rodas, aerosoles e, en xeral, calquera produto inflamable ou explosivo ou de materiais en cuxa composición interveña o plástico, dados os gases tóxicos que produce a súa queima.
- Recoméndase utilizar envases de plástico en lugar dos de vidro. Estes últimos estarán totalmente prohibidos nos areais.
- Os organizadores de lumeiradas autorizadas que impliquen a celebración de “sardiñadas” deberán deixar a zona limpa de restos.

#### CONSELLOS BÁSICOS EN CASO DE QUEIMADURAS:

- **Afastar a vítima da fonte de calor.**
- En caso de ter a roupa queimada , **non retirarlle** .
- Se a roupa da vítima está en chamas **intentarase apagar cubríndoa cunha manta ou facéndoa rodar polo chan**,preferentemente por unha zona areosa. **Impedir que a vítima corra.**
- **Arrefriar a zona afectada con auga..**
- **Alertar** os servizos de urxencia, se foren queimaduras importantes.
- **Non** usar pomadas, non romper ampolas, non utilizar xeo nin auga xeadada para arrefriar a queimadura e non cubrir con apósitos adhesivos nin algodón.
- É recomendable que toda queimadura reciba atención médica, salvo que o seu diámetro sexa inferior a 2 cm.

